

Veciños e veciñas, en 1919 as Irmandades da Fala escolleron entre todos os días do ano, o 25 de xullo como Día da Patria Galega, espallándose desde o ano seguinte en xornada de festa e reivindicación colectiva da nosa nación. O noso Castelao nun célebre discurso escrito desde o exilio, Alba de Goria, alcúmao tamén de “Festa maor de Galiza”.

Unha xornada festiva na que homenaxeamos aos nosos devanceiros, a quen nos precederon na loita polas liberdades democráticas e o autogoberno, nomeadamente a Daniel e a Amador e a todas aquelas persoas que hai 50 anos, no de 10 de marzo de 1972, saíron á rúa para defenderen os seus dereitos laborais e protagonizar un dos fitos máis importantes na historia do movemento obreiro galego.

Mais tamén unha xornada de reivindicación na que cómpre reclamar maiores cotas de autogoberno pois cómpre dar resposta aos retos actuais, tanto globais coma locais. Galiza arde de Ortegala ao Miño por mor da falta de políticas forestais e de desenvolvemento do medio rural acaídas. Combater o cambio climático precisa dunha transición enerxética que potencia a implantación de enerxías renovables pero non a calquera prezo. Precisamos máis que nunca da I+D+I para que as nosas empresas non se limiten a montar pezas e sexan vangarda naquelas actividades que xeran o maior valor engadido. O país necesita, máis que nunca, dunha tarifa eléctrica galega, de planificar como e onde queremos montar os muíños de vento e de que os seus beneficios repercutan na comunidade que os sustenta.

Temos a obriga de defender servizos públicos fundamentais como a sanidade e o ensino para que sigan a ser servizos universais e de calidade e non un negocio en mans da especulación. Demandar o dereito á vivenda, a un traballo e a unhas pensións dignas ou a uns medios de comunicación públicos que non manipulen son reivindicacións básicas para construírmos un futuro mellor.

E para construílo, precisamos ter voz propia e ferramentas como país para que Galiza ocupe o lugar no mundo que por dereito propio lle corresponde.

A nosa bandeira, a bandeira azul e branca, é un dos símbolos do noso pobo e das súas arelas de autogoberno. Por iso, fago un chamamento a veciños e veciñas a pendurar as nosa bandeiras galegas en fenestras e balcóns. Tende un Feliz 25 de xullo co corazón e a razón pensando na terra, nos símbolos, nos nosos elementos de identidade, mais tamén coa ollada posta nun futuro de xustiza, progreso e prosperidade para o noso país.